

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 16 DE FEBREIRO DO 2023.**

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p> <p align="center">Membros que asisten:</p> <p>SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p align="center">Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center">Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center">Membros que non asisten:</p> <p>-----</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Dezaseis de Febreiro do Dous mil vinte e tres, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 09/02/2023.

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202302/186

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 13/02/2023. DECRETO: "PRÓRROGA, DO CONTRATO "SERVIZOS DE MANTENIMENTO DE ASCENSORES, MONTACARGAS, ESCALEIRAS MECÁNICAS E PORTAS AUTOMÁTICAS EN EDIFICIOS PROPIEDAD DO CONCELLO DE RIBEIRA E CENTROS ESCOLARES)-LOTE 4""

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202302/187

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 13/02/2023. DECRETO: "APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE "REFORMA E AMPLIACIÓN DE EDIFICIO EXISTENTE PARA NOVA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE RIBEIRA""



4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202302/188

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 13/02/2023. DECRETO: “PRÓRROGA, DO CONTRATO “SERVIZOS DE MANTENIMENTO DE ASCENSORES, MONTACARGAS, ESCALEIRAS MECÁNICAS E PORTAS AUTOMÁTICAS EN EDIFICIOS PROPIEDAD DO CONCELLO DE RIBEIRA E CENTROS ESCOLARES)-LOTES 1, 2, 3.””

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202302/196

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 13/02/2023. DECRETO: “APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO PARA A CREACIÓN DA RUTA LITORAL “SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE BUTACAS NAS 2 SALAS DO NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA””

6.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – EVA PETROVICH DÍAZ

Visto o escrito presentado por **Eva Petrovich Díaz**, de data 06/02/2023 (Registro de entrada nº 3.238), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante de 3 m. (patacas e perritos), os días 18, 19 e 20/02/2023, situado no Malecón de Ribeira, co motivo das festas de Entroido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Eva Petrovich Díaz** para a instalación dun posto de venda ambulante de 3 m. (patacas e perritos), os días 18, 19 e 20/02/2023, situado no Malecón de Ribeira, co motivo das festas de Entroido.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – BEATRIZ GÓMEZ COSTA

Visto o escrito presentado por **Beatriz Gómez Costa**, de data 07/02/2023 (Registro de entrada nº 3.289), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante de 3 m. (patacas e perritos), os días 17, 18, 19, 20 e 21/02/2023, situado no Malecón de Ribeira, co motivo das festas de Entroido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- a) **Autorizar** a **Beatriz Gómez Costa** para a instalación dun posto de venda ambulante de 3 m. (patacas e perritos), os días 17, 18, 19, 20 e 21/02/2023, situado no Malecón de Ribeira, co motivo das festas de Entroido.
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 07.02.2023:

25076	29.12.2022	JOSÉ MARIA CASTRO REDONDO, instalación de piscina, en Fonterramil, 7, Castiñeiras.
86	02.01.2023	DANIEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ, cambio de techumbre, en Capilla, 40, Carreira.
302	04.01.2023	JOSÉ FRANCISCO MILLARES GÓMEZ, colocar portal para cierre de finca, en Goda, Artes.
25152	30.12.2022	EDUARDO JOSÉ BRIÓN DORCA, cambio de cubierta, ventanas y pintado exterior, en rúa do Porto, 4, Corrubedo.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 09.02.2023:

24906	27.12.2022	MARÍA JOSEFA MARTÍNEZ RIVAS, retirar plaqueta y tirar tabique, en Ameixida.
439	05.01.2023	MANUELA IGLESIAS RAÑA, instalación de piscina en Vixán, Carreira.
25092	29.12.2022	MARÍA BEATRIZ GARCÍA CALO, obras de mejora en la vivienda, rúa Delicias, 32, Corrubedo.
195	03.01.2023	JOSÉ BENITO RIVAS SAMPEDRO, eliminar humedades y filtraciones del caseto anexo, en Listres, 2, Aguiño.
688	10.01.2023	ROCIO ABELLEIRA RODRÍGUEZ, obras interiores, en rúa de Galicia, 125, 1º, Ribeira.

9.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA. LUGAR: ESTRADA XERAL, Nº 47 CASTIÑEIRAS, RIBEIRA. PROMOTOR: MANUEL FERNÁNDEZ MORAÑA

VISTA a **solicitud** de **licenza urbanística** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, no lugar da Estrada Xeral, nº 47 Castiñeiras, Ribeira da que é promotor **D. MANUEL FERNÁNDEZ MORAÑA**.

VISTA a **acta e plano de cesión** así como **informe** emitido pola **enxeñeira municipal** o día **26 de decembro de 2022**,



VISTO o informe emitido polo arquitecto municipal o día 6 de febreiro de 2022,

VISTO o contrato de cesión asinado o día 27 de decembro de 2022 polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de 45,58 m² para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana,

VISTO o informe emitido polo técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo de data 8 de febreiro de 2023 e

VISTO o informe do secretario xeral da Corporación de data 9 de febreiro de 2023,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realízase de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a D. Manuel Fernández Moraña **LICENZA DE OBRAS (Nº 3/23)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA** na Estrada Xeral nº 47, Castiñeiras, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A01901249000KA, nos termos do Proxecto Básico de xuño de 2022 do Anexo I ao Proxecto Básico de decembro de 2022 do Anexo II ao Proxecto Básico de xaneiro de 2023 redactado por D. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451):

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*

*-En relación á superficie **cedida a dominio e uso público afectada por aliñacións de 45,58 m²**, deberá de completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa ou simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da enxeñeira municipal **unha fianza de 973,01 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza**.*

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde**.*

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza



municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmобles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*



- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederá con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederá a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20231035167
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 17/02/2023 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/02/2023 <small>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/02/2023 14:09:55</small>		Fecha: 17/02/2023 Hora: 14:09



existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

10.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR COMPOSTA DE SOTO, PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA. LOCALIZACIÓN: LUGAR DE TRAS DA CASA, O VILAR, RIBEIRA. PROMOTORES: MARIA SOLEDAD PAZ VIDAL - JOSÉ MARIO CES ABEIJÓN

VISTA a solicitude de licenzia urbanística de obra maior para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR COMPOSTA DE SOTO, PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, no lugar de **TRAS DA CASA, O VILAR, RIBEIRA** da que son promotores **Dna. María Soledad Paz Vidal e D. José Mario Ces Abeijón**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe** favorable de día **22 de marzo de 2022** pola que se autoriza o mantemento de peche de parcela con refª catastral nº 15074A003003610000KU, na estrada DP 7302 – Outeiro a Cruce del Vilar P.K. 4+360 4+402 marxen esquerda emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, Expte - 2022000013386, asinado o día 23 de marzo de 2022 por D. Miguel Cachafeiro Pazos, asinado o día 23 de marzo de 2022 por Dna. Susana Beneyto González – Baylín e por D. Francisco de Felipe Ares o día 22 de marzo de 2022,

VISTA a **resolución** favorable de día **15 de outubro de 2021** pola que se concede autorización de obra para construción de vivenda unifamiliar con informe de retranqueo limite de edificación na DP 7302 – Outeiro a Cruce del Vilar P.K. 4+360 4+402 marxen esquerda emitido polo Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, Expte - 2021000042924, asinado o día 15 de outubro de 2021 por Dna. Mª Amparo Taboada Gil e asinado o día 14 de outubro de 2021 polo Presidente da Deputación D. Valentín González Formoso.

VISTO o **acordo de adose** asinado o día **10 de agosto de 2019** coa propietaria da parcela lindante e con refª catastral nº 15074A003003600000KZ,

VISTA a **acta e plano de cesión** emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira con sinatura dixital o día **28 de decembro de 2022**,

VISTO o **informe técnico** favorable emitido pola **arquitecta técnica municipal** Dna.Nuria Morgade Pouso Martín Álvarez Cerredá con sinatura dixital o día 1 de febreiro de 2023

VISTO o **informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo D. José Martínez de Llano Orosa de data **3 de febreiro de 2023**, ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no que propónse conceder a licenzia urbanística de referencia en harmonía co informe da arquitecta técnica municipal de data 1 de febreiro de 2023.



VISTO o informe emitido con data **7 de febreiro de 2023** polo secretario xeral da Corporación ao abeiro do disposto no artigo art. 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional

Considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dna. María Soledad Paz Vidal e D. José Mario Ces Abeijón LICENZA DE OBRAS (Nº4/23) para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE SOTO, PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA, no lugar de Tras da Casa, O Vilar, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A003003610000KU nos termos do Proxecto Básico de maio de 2022, Proxecto Básico Modificado Tomo II, Memoria Urbanística Modificada III redactados polos arquitectos Sr. Óscar Pedrós Fernández (col. 3.072) e Sr. Roberto Costas Pérez (col. 2.826):

-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

*-Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
-Acta de recepción de edificio terminado.
-Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
-Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
-Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos*

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

-A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros,



satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas



obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

11.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE SEMITOSO, PLANTA BAIXA E BAIXO CUBERTA.(PROXECTO DE EXECUCIÓN). PROMOTORES: ANA OUTEIRAL MARTÍNEZ - MARCOS M. MANEIRO ROMERO. LUGAR: FIGUEIRIDO, PALMEIRA (RIBEIRA)

VISTA a solicitude de licenza urbanística de obra maior para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE SEMISOTO, PLANTA BAIXA E BAIXO CUBERTA, NO LUGAR DE FIGUEIRIDO, PALMEIRA (RIBEIRA)-(PROXECTO DE EXECUCIÓN), da que son promotores ANA OUTEIRAL MARTÍNEZ - MARCOS M. MANEIRO ROMERO,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o informe técnico emitido pola enxeñeira municipal o día 8 de febreiro de 2023, do técnico de administración xeral de data 9 de febreiro de 2023 e do secretario xeral da Corporación de data 13 de febreiro de 2023, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte ACORDO:



PRIMEIRO:- PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada ao expediente da **licenza de obra nº 51/19** concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 26 de decembro de 2019 aos Sres. Dna. Ana Outeiral Martínez e D. Marcos M. Maneiro Romero, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 17 de xaneiro de 2020 polo arquitecto D. Alberto Pérez Saborido, (arquitecto col. nº 4.773).

SEGUNDO:-Notificalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

12.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Lucía Moledo Muiño

Visto o escrito presentado pola **Lucía Moledo Muiño**, de data 06/02/2023 (Registro de entrada nº 3.162), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación con refª catastral nº 0313406NH0101S0104AT, sita na Rúa Carlos Casares, Portal 2-A, 3º-G, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 08/02/2023, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación con refª catastral nº 0313406NH0101S0104AT sita na Rúa Carlos Casares, Portal 2-A, 3º-G, Ribeira.

13.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Vicente Ageitos Pérez

Vistos os escritos presentados por **Vicente Ageitos Pérez**, de datas 09/01/2023 e 10/01/2023 (Registros de entrada nº 367 e 658), nos que solicita información urbanística en relación ó cumprimento da parcela mínima segundo PXOM, co propósito de garantir que se poderá edificar en dita parcela, sita no Lugar de Areeiros, Faxinde, Ribeira, ca referencia catastral 15074A821002540000ZO.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 06/02/2023, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Exp.: 2023 INFO000001

Don Vicente Ageitos Pérez, con N.I.F. 52.930.068-F, solicita Informe-Certificado sobre o cumprimento da parcela mínima segundo PXOM, co propósito de garantir que se poderá edificar en dita parcela, sita no Lugar de Areeiros, Faxinde, Ribeira, ca referencia catastral 15074A821002540000ZO, polo que
Informo,

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202300000367 o día 9 de xaneiro de 2023.



Certificación de superficie da parcela, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co número 202300000658, o día 10 de xaneiro de 2023.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral e achegando un plano de situación, coa indicación de dúas consultas a resolver.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A821002540000ZO, no seu plano 2.17, de Ordenación básica do territorio municipal, clasificación do solo e usos globais, a escala E:1/5000, como solo urbano (S.U.) e solo rústico común (2.1); e no seu plano 4.15 de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Castiñeiras), a escala E:1/2000 coa ordenanza de aplicación núm.6.3.A, para o solo urbano. Desta forma, nos artigos 129 e 157 da normativa do PXOM establécense as seguintes determinacións, sen prexuízo da aplicación do resto da normativa do PXOM, en especial as normas xerais da edificación do título quinto da dita normativa:

“ARTIGO 157: ORDENANZA 6.3.A.- RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA.

1. Definición e ámbito.

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbán menos densificado dos núcleos urbáns en contacto cas dirección de estrada e rúas definidas nos planos de ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

2. Usos

Uso global: Residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: Vivenda unifamiliar.



Usos admisibles: Só se admitirán, ademais do uso característico as terciarias que teñan una relación de dependencia directa co uso principal, tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cos actividades residenciais e dos sector primario, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva, conservándose a parcela e o tipo de edificación.

3. Tipoloxía edificatoria

A tipoloxía edificatoria é a da vivenda unifamiliar illada.

4. Parámetros da edificación

4.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 500 m².

Fronte mínimo: 12 m.

Condicións de Forma: A forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de 12 m de diámetro.

4.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: 30%.

Retranqueos: A posición da edificación quedará retranqueada respecto aos lindeiros 3 metros e ás vías a establecida nestas normas.

4.3. Condicións de volume

Edificabilidade máxima: 0,8 m²/m²

Altura da edificación: Número de plantas B+1+BC, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,50 m. Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,50 metros

Altura de coroación: 4,0 metros desde o último forxado.

4.4. Elementos arquitectónicos

Peche de parcelas: só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata una altura máxima de 1,0 metros, podéndose aumentar esta altura mediante elementos diáfanos ata una altura de 1 metro. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode alcanzar una altura máxima de 1,50 metros.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxilliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación. Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros, no caso de superar os 15 m², só se autorizará se existe a edificación principal.

Corpos voados pechados: Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,90 m, debendo ser acristaladas nun 50%.

Balcóns e terrazas: Nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,60 m.

Cubertas: As cubertas resolveranse prioritariamente a dúas augas, empregando en cualquier caso, como material de cobertura, tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos do alero ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

4.5. Condicións ambientais e estéticas:

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboledas.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos empregados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohibese o emprego de mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohibense os muros de bloques sen revestir.



Na carpintería exterior do edificio poderanse empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coloreados.

Composición de fachadas e ocos: *Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.*

Recoméndase cos ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: *A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.*

“ARTIGO 129: SOLO RÚSTICO COMÚN: NORMA ZONAL 2.1”

1. Definición e ámbito

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.d. da LSG, ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico., agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 da LSG.

A Lei do solo, no seu apartado 35 “Usos e actividades en solo rústico”, indica que Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

- a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abalancamentos, desmontes e recheos.*
- b) Muros de contención, así como valado de predios.*
- c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.*
- d) Campamentos de turismo cas obras, servizos e instalacións previstas na normativa vixente en materia de turismo, así como zonas especiais de acollida para autocaravanas e caravanas en tránsito, conforme ao establecido en dita normativa; e as instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, cas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.*
- e) Actividades científicas, escolares e divulgativas.*
- f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.*
- g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales coma as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.*
- h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, corrais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.*
- i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así coma as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.*
- j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.*
- k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.*
- l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así coma as estacións de servizo.*
- m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de*



residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.

o) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa ca natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.

p) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se ubiquen.

q) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.

r) Outros usos análogos que se determinen regramentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e a presente lei.

Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

Na disposición transitoria terceira. Réxime de autorizacións e licenzas outorgadas en solo rústico.

1. As construcións executadas en solo rústico ao amparo da licenza urbanística poderán manter o uso autorizado e cambialo a calquera dos previstos no artigo 40. Se poderán executar nelas, previa licenza municipal e sen necesidade de autorización urbanística autonómica, obras de mellora e reforma das instalacións sen incrementar a superficie edificada legalmente, aínda cando non cumpran as condicións de implantación, uso e edificación establecidas por esta lei.

2. Así mesmo, nas construcións previstas no número anterior, previa licenza municipal e sen necesidade de autorización urbanística autonómica, poderán executarse obras de ampliación da superficie edificada licitamente, cumprindo os seguintes requisitos:

a) Cando se trate de terreos que deban ser incluídos no solo rústico de especial protección segundo esta lei, será necesario obter a autorización ou informe favorable do órgano ca competencia sectorial correspondente.

b) Que cumpra as condicións de edificación establecidas polo artigo 39 e polo planeamento urbanístico.

c) Que se adopten as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia sobre o territorio e a mellor protección da paisaxe.

d) Que se manteñan o uso e a actividade autorizados orixinariamente, permitíndose, en todo caso, o cambio de uso a calquera dos regulados no artigo 40.

3. O previsto nesta disposición se entenderá sen prexuízo das previsións establecidas nas normativas sectoriais que resulten de aplicación.

No artigo 39 Condicións xerais das edificacións no solo rústico, indícase:

Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, haberá de xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:

a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, ou subministro de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, no seu caso, a previsión de aparcamentos suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións



tendientes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:

a. As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes ca paisaxe rural e as construcións do entorno, sen prexuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

b. O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade.

c. En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do releve natural dos terreos.

d. Os peches de fábrica no poderán exceder de 1,5 metros de altura, debendo adaptarse ao medio no que se ubiquen.

e. A altura máxima das edificacións non poderá exceder de dúas plantas nin de sete metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta

d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:

a. Deberá xustificarse suficientemente a idoneidade do emprazamento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de emprazalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l), m) y n).

b. A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, e non resultará esixible o cumprimento deste requisito para os usos regulados no artigo 35.1.m), para a ampliación de cemiterios e para as instalacións temporais que presten servizos necesarios ou convenientes para a utilización e disfrute do dominio público marítimo-terrestre.

c. A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie da finca.

d. Os edificios se situarán dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar mais apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e á menor alteración da topografía del terreo.

e. Os retranqueos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

f. As condicións de abancalamento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

g. Manterase o estado natural dos terreos ou, no seu caso, o uso agrario de eles ou con plantación de arbolado ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

Advértese de que existe unha discrepancia entre as superficies indicadas na Información catastral obtida e a indicada na solicitude e certificación de superficies achegada.

Pese a todo o trazado da liña de delimitación de tipoloxía de solo/Ordenanza de aplicación, parece correcto, dando por válida esta delimitación

Pese á discrepancia entre as delimitacións dos límites da propiedade da parcela, a representación aportada no certificado de superficies, é mais desfavorable ca definida na Sede do Catastro, polo que a superficie mínima da parcela, ubicada na franxa de solo urbán, será, en calquera dos dous casos, superior á superficie mínima esixible para poder edificar neste terreo.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000FCB9F00L6H6S3M3H1S2 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p>FIRMANTE - FECHA MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 17/02/2023 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/02/2023 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/02/2023 14:09:55</p>	<p>DOCUMENTO: 20231035167 Fecha: 17/02/2023 Hora: 14:09</p>
---	--	---



4.3. Autorizacións ou informes sectoriais

A parcela sitúase na zona de policía de cauces dun río segundo o PBA requirán autorización de Augas de Galicia, xa que as obras requiren a dita autorización do organismo de conca segundo se establece no artigo 9 do *Regulamento do dominio público hidráulico*, aprobado polo *Real decreto 849/1986, do 11 de abril*, salvo que requiren a presentación dunha declaración responsable en Augas de Galicia en aplicación da DA2ª.3. do *Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia*.

5. CONCLUSIÓNS

Polo tanto, á vista das consideracións expostas se **informa** que a parcela con referencia catastral 15074A821002540000ZO ten as clasificacións de solo urbano, e solo rústico común coas determinacións expostas na consideración 4.2 deste informe. Ademais as actuacións que se realicen na parcela requirirán permisos sectoriais nos casos indicados na consideración 4.3 deste informe.

6. OBSERVACIÓNS

Advírtese de que existe unha discrepancia nas superficies e delimitación da parcela entre a información catastral dispoñible e o indicado na solicitude e na certificación de superficies aportada, o que deberá ser debidamente clarificado para solicitar a autorización de obras nesta parcela.

A dita discrepancia ten unha incidencia directa nos parámetros urbanísticos de aplicación, polo que mentres non contemos cun instrumento que permita unha seguridade xurídica suficiente para aplicación desta norma, entendo preciso que se xustifique urbanisticamente o cumprimento dos dito parámetros.

14.- VAO PERMANENTE – Javier Otero Álvarez

Visto o escrito presentado por **Javier Otero Álvarez**, de data 05/07/2019 (Rexistro de entrada nº 9.765), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Marcial de Adalid, 6PL-3-Local 3A (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 08/02/2023 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Conceder a Javier Otero Álvarez**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,50 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Marcial de Adalid, 6PL-3-Local 3A (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.
- Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega das pracas de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



15.- INSTRUCCIÓN PARA ACTUACIÓNS MUSICAIS DE POUCA ENTIDADE DO CONCELLO DE RIBEIRA – CORRECCIÓN DE ERROS

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 20/10/2022, polo que se aproban as “Instruccións para actuacións musicais de pouca entidade do Concello de Ribeira”, e advertido erro na redacción das mesmas relativo a:

Onde dí:

(...)

“5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

*Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a **02.00 h.**”*

(...)

Debe dicir:

(...)

“5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

*Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a **00.00 h.**”*

(...)

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA** que se proceda á corrección do citado erro resultando o acordo tal como segue:

“INSTRUCCIÓN PARA ACTUACIÓNS MUSICAIS DE POUCA ENTIDADE DO CONCELLO DE RIBEIRA

Visto o expediente de referencia e tendo en conta:

PRIMEIRO. Os órganos administrativos poderán dirixir as actividades dos seus órganos jerárquicamente dependentes mediante instruccións e ordes de servizo.

O **Tribunal Supremo, na súa Sentenza de 18 de xuño de 2013** (rec. 668/2012), establece respecto da natureza destas instruccións e ordes de servizo que «*constitúen resolucións administrativas que se engarzan no ámbito propio da organización administrativa que goberna a súa estrutura, cun contido e finalidade específicos en canto actos e directrices non incluíbles no exercicio da potestade regulamentaria*».

En todo caso, o incumprimento das instruccións ou ordes de servizo non afecta por si só á validez dos actos ditados polos órganos administrativos, sen prexuízo da responsabilidade disciplinaria en que se poida incurrir.

SEGUNDO. A **Lexislación aplicable** é a seguinte:

- O artigo 6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Os artigos 5 e 7 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.



- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- A Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Plan Básico Autonómico
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira.

TERCEIRO. Cando una disposición específica así o estableza, ou se estime conveniente por razón dos destinatarios ou dos efectos que poidan producirse, as instrucións e ordes de servizo **publicaranse no boletín oficial** que corresponda, sen prexuízo da súa difusión de acordo co previsto na **Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.**

[De acordo co previsto no artigo 7 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, publicarán as directrices, instrucións, acordos, circulares ou respostas expostas polos particulares ou outros órganos na medida en que supoñan una interpretación do Dereito ou teñan efectos xurídicos.

Esta información, conforme ao establecido no artigo 5.4 da mesma norma, será publicada nas correspondentes sedes electrónicas ou páxinas web e dunha maneira clara, estruturada e entendible para os interesados e, preferiblemente, en formatos reutilizables. Estableceranse os mecanismos axeitados para facilitar a accesibilidade, a interoperabilidade, a calidade e a reutilización da información publicada así como a súa identificación e localización].

CUARTO. A aprobación das instrucións ou ordes de servizo axustarase ao seguinte procedemento:

A. Por Providencia de Alcaldía, solicitarase aos Servizos Municipais competentes en razón da materia a elaboración das Instrucións.

B. Elaborado e recibido o proxecto de Instrucións, aprobarase pola **Alcaldía (Xunta de Goberno por delegación de aquela)** previo **Informe-Proposta de Secretaría.**

C. A Instrucións deberá publicarse na sede electrónica deste Concello [*dirección <https://www.ribeira.gal>*] na forma prevista no artigo 5.4 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Así mesmo, a resolución pola que se aproben as Instrucións [co texto íntegro da mesma), publicarase para o seu xeral coñecemento no **Boletín Oficial da Provincia,** conforme ao establecido en artigo 6.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

QUINTO:- Proponse a aprobación das seguintes instrucións que regulen as **ACTUACIÓNS MUSICAIS DE POUCA ENTIDADE NO CONCELLO DE RIBEIRA:**

1.- **PERÍODO:** Do 1 de outubro de 2022 a 31 de maio de 2023, engadido.

2.- **SOLICITUDES:** Deberán presentarse no modelo oficial que se dispoña ao efecto tanto na sede electrónica (persoas xurídicas) como nas dependencias municipais da Oficina de Atención ó Cidadá (persoas físicas), e que incluírá unha **DECLARACIÓN RESPONSABLE** na que se asuma o compromiso de cumprir coa **normativa vixente en materia de horarios e de ruidos,** non podendo en ningún caso exceder do límite de 90 decibelios.



3.- **PRAZO**:-As solicitudes deberán presentarse cunha antelación mínima de 8 días naturais ó da celebración do evento e só para un período quincenal.

4.- **ACUMULACIÓN**: En ningún caso poderá coincidir máis dun concerto exterior na mesma zona (150 metros de distancia aproximadamente).

5.- **DATAS E HORARIOS**:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.30 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

En todo caso ata un máximo dun concerto semana.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores xoves, venres: de 20.00 h a 23.30 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

VISTO canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde (ou Xunta de Goberno Local por delegación).

VISTO o informe con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral da Corporación, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 20/10/2022, relativo á aprobación das “Intruccións para actuacións musicais de pouca entidade do Concello de Ribeira”.

Polo anteriormente exposto, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO. Aprobar as seguintes **INSTRUCCIÓNS ACTUACIÓNS MUSICAIS DE POUCA ENTIDADE CONCELLO DE RIBEIRA**:

1.- **PERÍODO**: Do 1 de outubro de 2022 a 31 de maio de 2023, engadido.

2.- **SOLICITUDES**: Deberán presentarse no modelo oficial que se dispoña ao efecto tanto na sede electrónica (persoas xurídicas) como nas dependencias municipais da Oficiña de Atención ó Cidadá (persoas físicas).

Xunto coa solicitude deberá presentarse unha **DECLARACIÓN RESPONSABLE** na que se asuma o compromiso de cumprir coa **normativa vixente en materia de horarios e de ruidos**, non podendo en ningún caso exceder do límite de 90 decibelios.



3.- **PRAZO**:-As solicitudes deberán presentarse cunha antelación mínima de 8 días naturais ó da celebración do evento e só para un período quincenal.

4.- **ACUMULACIÓN**: En ningún caso poderá coincidir máis dun concerto exterior na mesma zona (150 metros de distancia aproximadamente).

5.- **DATAS E HORARIOS**:

5.1. Sábados, domingos e festivos: **Sesión “Vermú”**: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. **Interior de Locais**:

5.2.1. **Café Bar**:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. **Cafetería**:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. **Pubs e café concerto**:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. **Exterior de locais**: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

SEGUNDO. Publicar as devanditas instrucións na sede electrónica deste Concello [*dirección <https://www.ribeira.gal>*].

Así mesmo, publicar o presente acordo co texto íntegro das Instrucións no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

TERCEIRO:-Facultar tanto ao Sr.alcalde-presidente como a Sra. Concelleira delegada de urbanismo tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.”

16.- **SOLICITUDE TARXETA DE ACCESO TEMPORAL A APARCADOIRO DA PRAZA DO CENTENARIO – Juan Manuel Vidal Sampedro**

Visto o escrito presentado por **Juan Manuel Vidal Sampedro**, de data 08/02/2023 (Registro de entrada nº 3.458), no que solicita unha tarxeta de acceso temporal ao aparcadoiro da Praza do Centenario (Ribeira), xa que debido ás obras que se están a realizar na Avenida Rosalía de Castro non ten acceso á súa praza de garaxe.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, **acorda** que lle sexa facilitada unha tarxeta de acceso temporal ao aparcadoiro da Praza do Centenario mentres estén en marcha as obras que se están a realizar na Avenida Rosalía de Castro.



17.- SOLICITUDE TARXETA DE ACCESO TEMPORAL A APARCADOIRO DA PRAZA DO CENTENARIO – José Luis Fernández Chouza

Visto o escrito presentado por **José Luis Fernández Chouza**, de data 13/02/2023 (Registro de entrada nº 3.811), no que solicita unha tarxeta de acceso temporal ao aparcadoiro da Praza do Centenario (Ribeira), xa que debido ás obras que se están a realizar na Avenida Rosalía de Castro non ten acceso á súa praza de garaxe.

A **Xunta de Goberno**, por unanimidade dos presentes, **acorda** que lle sexa facilitada unha tarxeta de acceso temporal ao aparcadoiro da Praza do Centenario mentres estén en marcha as obras que se están a realizar na Avenida Rosalía de Castro.

18.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA ACTUACIÓNS EN DIRECTO OU GRAVADAS E MONÓLOGOS OU SEMELLANTES EN LOCAL DE HOSTALERÍA - LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U.

VISTO o escrito presentado por Santiago Francisco Canosa Rego, en representación do establecemento **LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U.**, de data 02/02/2023 (Registro de entrada nº 2.944), no que solicita permiso para actuacións en directo ou gravada e monólogos ou semellantes no establecemento hostaleiro Bar Desván, situado na Praza de Pontevedra, 4 (Ribeira), os días 25 de febreiro de 2023 e 4 de marzo de 2023, en horario de 20:00 h. a 02:00 h.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U., para actuacións en directo ou gravada e monólogos ou semellantes no establecemento hostaleiro Bar Desván, situado na Praza de Pontevedra, 4 (Ribeira), os días 25 de febreiro de 2023 e 4 de marzo de 2023, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h



Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)"

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso o representante de LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U. (Santiago Francisco Canosa Rego), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: "Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable."*



CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

19.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA ACTUACIÓNS EN DIRECTO OU GRAVADAS E MONÓLOGOS OU SEMELLANTES EN LOCAL DE HOSTALERÍA - LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U. (1) – CORRECCIÓN DE ERROS.

Advertido erro na redacción das **“Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”**, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e corrixido pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada en data 16/02/2023 no referido a:

Onde dí:

(...)

“5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

*Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a **02.00 h.**”*

(...)

Debe decir:

(...)



“5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a **00.00 h.**”

(...)

Así mesmo, visto que este erro afecta ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada na data 09/02/2023, relativo á autorización de actuacións a Santiago Francisco Canosa Rego, en representación do establecemento **LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U.**, e en concreto, no horario de finalización de actuacións ata as **02:00 h.**, e non ata as **00:00 h.**

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA** que se proceda á corrección do citado erro, deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada na data 09/02/2023, no referido a:

Onde dí:

(...)

“5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a **02.00 h.**”

(...)

Debe decir:

(...)

“5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a **00.00 h.**”

(...)

Polo tando, o **acordo resultante da corrección se redacta como segue:**

VISTO o escrito presentado por Santiago Francisco Canosa Rego, en representación do establecemento **LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U.**, de data 02/02/2023 (Registro de entrada nº 2.943), no que solicita permiso para actuacións en directo ou gravada e monólogos ou semellantes no establecemento hostaleiro Bar Desván, situado na Praza de Pontevedra, 4 (Ribeira), os días 11 e 18 de febreiro de 2023, en horario de 20:00 h. a 02:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U., para actuacións en directo ou gravada e monólogos ou semellantes no establecemento hostaleiro Bar Desván, situado na Praza de Pontevedra, 4 (Ribeira), os días 11 e **18 de febreiro** de 2023, **nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”**, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, corrixido pola Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(...)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.



5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)"

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso o representante de LASS DESVÁN COCKTAILS, S.L.U. (Santiago Francisco Canosa Rego), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas*



terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”

- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

20.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL (CONCERTO) EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera

VISTO o escrito presentado por Verónica Elena Nogueira Carrera, en representación do establecemento Café Bar “O da Rubia”, de data 10/02/2023 (Rexistro de entrada nº 3.738), no que solicita permiso para evento musical (concerto) no establecemento hostaleiro Café Bar “O da Rubia”, situado na Rúa de Portugal (Ribeira), o día 25 de febreiro de 2023, en horario de 20:00 h. a 00:00 h.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Verónica Elena Nogueira Carrera.**, para evento musical (concerto) no establecemento hostaleiro Café Bar “O da Rubia”, situado na Rúa de Portugal (Ribeira), o día 25 de febreiro de 2023, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

“(…)”

SEGUNDO.- Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso o representante de Café Bar “O da Rubia” (**Verónica Elena Nogueira Carrera**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza,



tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”

- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20231035167
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 17/02/2023 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 17/02/2023 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/02/2023 14:09:55		Fecha: 17/02/2023 Hora: 14:09



execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

21.- APROBACIÓN TERCEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DUNHA PARCELA SITA EN CORRUBEDO, PROPIEDAD DE D^ª M^ª DOLORES HERMO MARTÍNEZ. EXPEDIENTE 2022 PATR000010.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- D^ª M^ª Dolores Hermo Martínez, con DNI número 76.504.834-A, é propietaria da parcela que se describe a continuación, segundo consta en escritura pública de manifestación e adxudicación de herdanza, autorizada polo Notario que foi de Ribeira, D. Óscar Manuel López Doval, na data 29/07/2005, co número 1.113 do seu protocolo: *“URBANA: CASA composta de planta baixa duna 129 metros cadrados, e planta alta duns 122 metros cadrados, sita na Rúa da Fonte, que ten unido un anaco de terreo duns 3.984 metros cadrados, no que se sitúa un galpón destinado a almacén de planta baixa duns 83 metros cadrados. O conxunto forma unha soa finca, sinalada tamén cos números 5, 9 e 11 da Rúa Chaprado, parroquia de Corrubedo, municipio de Ribeira, dunha superficie total aproximada de 4.103 metros cadrados; que linda: Norte, Andrés Rodríguez Triñanes, Luisa Maneiro Romay, Juan José Gómez Romay, Ramona Díaz Brión, José Teira Sanlés, Dolores Castro Martínez e a finca coa referencia catastral 4339023MH9143N0001PZ; Sur, Andrés Rodríguez Triñanes, Rosa Martínez Mariño, Andrés Romay Brión, Camila García Brión, Relento S.L., Elena Brión Paz e Adelino Martínez Martínez; Este, Adelino Martínez Martínez, Carmen Prego Brión, José Teira Sanlés e Juan José Gómez Romay; e Oeste, Andrés Rodríguez Triñanes, Dolores Armental García, Josefa Armental Lojo, Andrés Romay Brión, Camila García Brión, Relento S.L. e Elena Brión Paz. Non se ten datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade. Referencia catastral: 4339024MH9143N0001LZ, 4339038MH9143N0001EZ, 4339039MH9143N0001SZ e 4339041MH9143N0001EZ.”*

2.- A estes efectos, na data 07/08/2018, procedeuse á sinatura do **“Convenio entre o Concello e o propietario cedente. Asunto: Cesión de parcela para aparcamento. María Dolores Hermo Martínez”**, polo que se procedía ao arrendamento da citada parcela por parte do Concello de Ribeira, que foi ratificado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 11/10/2018.

3.- Na data 11/10/2020, cumpriuse o prazo de duración de dous anos do contrato de arrendamento asinado polas partes, cuxa cláusula cuarta prevé a súa prórroga ano a ano ata un máximo de cinco, prórroga que deberá realizarse de forma expresa e por escrito de ambas partes.

4.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na data 11/03/2021, acordouse prorrogar o prazo de vixencia do contrato de arrendamento por unha duración de 1 ano, con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría desde a data 12/10/2020 ata o día 12/10/2021 (1^ª prórroga).

5.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na data 10/03/2022, acordouse prorrogar por segunda vez o prazo de vixencia do contrato de arrendamento por unha



duración de 1 ano, con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría desde a data 13/10/2021 ata o día 13/10/2022 (2ª prórroga).

6.- Por Providencia da Alcaldía de data 08/02/2023 dispónse dar traslado da mesma á Secretaría e Intervención Municipal, a fin de que, previos os tramites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación da terceira prórroga do contrato de arrendamento da parcela sita en Corrubedo antes referida, polo prazo dun ano, e con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría dende a data 14/10/2022 ata o 14/10/2023, co abono dos atrasos do aluguer deixados de percibir pola propiedade dende a finalización do prazo da segunda prórroga ata a resolución e aprobación da terceira prórroga.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- De conformidade co artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, están excluídos do ámbito de aplicación da mesma, os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmoables, valores negociables e propiedades incorporais, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexéranse pola lexislación patrimonial, conformada polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e pola Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

SEGUNDA.- A cláusula 4ª do Convenio asinado polas partes para o alugueiro da parcela, dispón que o prazo de cesión establécese en dous anos, prorrogables ano a ano ata un máximo de cinco anos, data na que automaticamente e sen necesidade previa de comunicación quedará extinguido o presente contrato, salvo prórroga expresa e por escrito de ambas partes.

TERCEIRA.- O órgano competente para acordar a correspondente prórroga é o Alcalde, de conformidade co disposto na Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, competencia que no Concello de Ribeira está delegada na Xunta de Goberno Local, segundo Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 08/02/2023, e visto o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 13/02/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Prorrogar, por terceira vez, o prazo de vixencia do contrato de arrendamento da parcela antes descrita, sita en Corrubedo, propiedade de Dª Mª Dolores Hermo Martínez, suscrito entre o Concello de Ribeira e a propiedade, por unha duración de 1 ano, con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría desde a data 14/10/2022 ata o día 14/10/2023, co abono dos atrasos do aluguer deixados de percibir pola propiedade dende a finalización do prazo da segunda prórroga ata a resolución e aprobación da terceira prórroga, co informe favorable do Interventor Municipal.

SEGUNDO.- Anotar a citada terceira prórroga no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo.

TERCEIRO.- Notificar a resolución a Dª Mª Dolores Hermo Martínez, así como ás unidades administrativas afectadas polo presente expediente administrativo.



22.- APROBACIÓN TERCEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DUNHA PARCELA SITA EN CORRUBEDO, PROPIEDAD DE D^a M^a LUISA E D^a RAMONA ARIAS MANEIRO. EXPEDIENTE 2022 PATR000007

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- No ano 2018, D^a Luisa Maneiro Romay, con DNI número 14.966.210-A, era propietaria da parcela que se describe a continuación, segundo consta en escritura pública de compravenda, autorizada polo Notario que foi de Porto do Son, Don José Manuel Rodríguez Casal, na data 28/09/1.993, co número 461 do seu protocolo: *“Finca rústica, sita en Corrubedo, municipio de Ribeira, labradío, denominada “LEIRA DA HERBA”, de nove áreas e sesenta centiáreas (960 metros cadrados), que linda: Norte, estrada; Sur, herdeiros de José Hermo; Este, herdeiros de Bernardo Romay; e Oeste, Manuel Romay. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Tomo 858, Libro 214, Folio 78, Finca nº 18.092. Referencia catastral: 4339003MH9143N0001XZ e 4339004MH9143N0001IZ.”*

2.- A estes efectos, na data 01/06/2018, procedeuse á sinatura do **“Convenio entre o Concello e o propietario cedente. Asunto: Cesión de parcela para aparcamento.”**, polo que se procedía ao arrendamento da citada parcela por parte do Concello de Ribeira, que foi ratificado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 11/10/2018.

3.- Na data 26/11/2019 falece a Sra. Maneiro Romay, polo que por Decreto da Alcaldía de data 25/08/2020, resolvese subrogar a D^a M^a Luisa Arias Maneiro, con DNI número 15969718J, e a D^a Ramona Arias Maneiro, con DNI número 15905692L, na porcentaxe do 50% cada unha, nos dereitos da súa nai, D^a Luisa Maneiro Romay, con DNI número 14966210A, en concepto de arrendadora do contrato de arrendamento da finca sita en Corrubedo denominada *“Leira da Herba”*, subscrito con este Concello, para destinala a aparcadoiro municipal.

4.- Na data 11/10/2020, cumpríuse o prazo de duración de dous anos do contrato de arrendamento asinado polas partes, cuxa cláusula cuarta prevé a súa prórroga ano a ano ata un máximo de cinco, prórroga que deberá realizarse de forma expresa e por escrito de ambas partes.

5.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na data 04/03/2021, acordouse prorrogar o prazo de vixencia do contrato de arrendamento por unha duración de 1 ano, con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría desde a data 12/10/2020 ata o día 12/10/2021 (1^a prórroga).

6.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na data 03/03/2022, acordouse prorrogar, por segunda vez, o prazo de vixencia do contrato de arrendamento por unha duración de 1 ano, con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría desde a data 13/10/2021 a 13/10/2022 (2^a prórroga).

7.- Por Providencia da Alcaldía de data 08/02/2023 dispónse dar traslado da mesma á Secretaría e Intervención Municipal, a fin de que, previos os tramites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación da terceira prórroga do contrato de



arrendamento da parcela sita en Corrubedo antes referida, polo prazo dun ano, e con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría dende a data 14/10/2022 ata o 14/10/2023, co abono dos atrasos do aluguer deixados de percibir pola propiedade dende a finalización do prazo da segunda prórroga ata a resolución e aprobación da terceira prórroga.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- De conformidade co artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, están excluídos do ámbito de aplicación da mesma, os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmoebles, valores negociables e propiedades incorporais, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexéranse pola lexislación patrimonial, conformada polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e pola Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

SEGUNDA.- A cláusula 4ª do Convenio asinado polas partes para o alugueiro da parcela, dispón que o prazo de cesión establécese en dous anos, prorrogables ano a ano ata un máximo de cinco anos, data na que automaticamente e sen necesidade previa de comunicación quedará extinguido o presente contrato, salvo prórroga expresa e por escrito de ambas partes.

TERCEIRA.- O órgano competente para acordar a correspondente prórroga é o Alcalde, de conformidade co disposto na Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, competencia que no Concello de Ribeira está delegada na Xunta de Goberno Local, segundo Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 08/02/2023, e visto o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 13/02/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Prorrogar, por terceira vez, o prazo de vixencia do contrato de arrendamento da parcela denominada “Leira da Herba”, sita en Corrubedo, propiedade de Dª Mª Luisa e Dª Ramona Arias Maneiro, subscrito entre o Concello de Ribeira e a propiedade, por unha duración de 1 ano, con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría desde a data 14/10/2022 ata o día 14/10/2023, co abono dos atrasos do aluguer deixados de percibir pola propiedade dende a finalización do prazo da segunda prórroga ata a resolución e aprobación da terceira prórroga, co informe favorable do Interventor Municipal.

SEGUNDO.- Anotar a citada terceira prórroga no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo.

TERCEIRO.- Notificar a resolución a Dª Mª Luisa e Dª Ramona Arias Maneiro, así como ás unidades administrativas afectadas polo presente expediente administrativo.



23.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DUNHA CABALGATA DE ENTROIDO EN OLVEIRA

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 14/02/2023, relativa á celebrar a *Cabalgata de Entroido* organizada pola Asociación Cultural As Dunas en colaboración coa Comunidade de Montes de Olveira, o sábado 18 de febreiro de 2023 na parroquia de Olveira – Ribeira, e na que expón:

“María José Sampedro Fernández, Concelleira delegada de Cultura do Concello de Ribeira,

- *Recibido solicitude presentada por D. José Manuel Martínez Suárez, data de entrada no rexistro 13/02/2023 interesando celebrar unha Cabalgata de Entroido organizada pola Asociación Cultural As Dunas e en colaboración coa Comunidade de Montes de Olveira, o sábado 18 de febreiro de 2023.*
- *Manifesta que comezaría ás 16.00h do antedito día facendo un pequeno percorrido arredor da aldea de Sirves, parroquia de Olveira- Ribeira, con 3 carrozas decoradas nas que irán un grupo reducido de nenos/as.*
- *Indica que as carrozas consisten en tres plataformas porta-vehículos tiradas por coches.*
- *Que non é necesario cortar ningunha estrada xa que o percorrido é polo centro da aldea.*
- *Ao remate do desfile celebran un baile no Polideportivo Municipal de Sirves ata ás 21.00horas deste día.*
- *Achega Certificado da aseguradora Plus Ultra, Seguros Generales y Vida, S.A. de Seguros y Reaseguros, Sociedad Unipersonal.*

Na data de 13/02/2023 foi requirido número de participantes e declaración responsable da celebración desta cabalgata de entroido, que será engadida ao expediente.

Sen prexuízo da disponibilidad da instalación municipal deportiva e informe policial, esta Concellería de cultura e festexos apoia as propostas do tecido asociativo que contribúen á enriquecer a oferta lúdica-cultural e participación veciñal.

*Por todo isto, **PROPOÑO á Xunta de Goberno Local***

Acordo favorable para celebrar a Cabalgata de Entroido organizada pola Asociación Cultural As Dunas en colaboración coa Comunidade de Montes de Olveira, o sábado 18 de febreiro de 2023 na parroquia de Olveira – Ribeira.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a celebración da *Cabalgata de Entroido* organizada pola Asociación Cultural As Dunas en colaboración coa Comunidade de Montes de Olveira, o sábado 18 de febreiro de 2023 na parroquia de Olveira – Ribeira.
- Esta autorización se concede sen prexuízo da disponibilidade da instalación deportiva municipal solicitada.
- Dar traslado deste acordo ao Departamento de Cultura, á Policía Local e e ao Departamento de Deportes para o seu coñecemento.

24.- CONCESIÓN LICENZA PARA ARMAS TIPO CARABINA - David Canibe Martínez

VISTA a solicitude presentada por **D. David Canibe Martínez**, DNI 54225245-P, e domicilio en lugar Salmón, 24 B - Oleiros - Ribeira (A Coruña) para a obtención de licenza de “arma tipo carabina” das características que se relacionan a continuación.



CONSIDERANDO que o **Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas (RA)** define no seu **artigo 2.2** as armas de aire ou outro gas comprimido como aquelas armas que utilizan como forza impulsora do proxectil a orixinada pola expansión dun gas comprimido.

CONSIDERANDO que conforme ao **artigo 3** as armas para as que solícitase licenza no presente expediente considéranse de **4ª categoría**, podéndose englobar nun dos supostos seguintes (concretamente no **2º**):

« 1. Carabinas e pistolas, de tiro semiautomático e de repetición; e revólveres de dobre acción, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas.

2. Carabinas e pistolas, de ánima lisa ou rayada, e dun só tiro, e revólveres de acción simple, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas».

CONSIDERANDO que pola súa banda, o **artigo 54.3 RA** determina que:

«As armas da categoría 4.ª poderanse adquirir e ter no propio domicilio, sen outro trámite que a declaración da venda, a clase de armas e os datos de identidade do adquirente ao Alcalde do municipio da residencia deste e á Intervención de Armas da Garda Civil».

CONSIDERANDO que ademáis do anterior, o **105 RA** fala das **tarxetas de armas**. Concretamente establece que:

«1. Para poder levar e usar as armas da categoría 4ª fóra do domicilio haberán de estar documentadas singularmente, mediante tarxetas de armas, que as acompañarán en todo caso.

As tarxetas de armas serán concedidas e retiradas, no seu caso, polos Alcaldes dos municipios en que se atopen vecindados ou residindo os solicitantes, previa consideración da conduta e antecedentes dos mesmos.

O seu validez quedará limitada aos respectivos términos municipais.

2. As armas incluídas na **categoría 4ª, 2**, pódense documentar en número ilimitado con **tarxeta B**, cuxa validez será permanente.

Das comprendidas na **categoría 4ª, 1**, soamente poderanse documentar seis armas con **tarxetas A** cuxa validez será de cinco anos.

3. No entanto, a autoridade municipal poderá limitar ou reducir, tanto o número de armas que pode posuír cada interesado como o tempo de validez das tarxetas, tendo en conta as circunstancias locais e persoais que concorran.

4. Os solicitantes da tarxeta A deberán acreditar cumprir catorce anos de idade, a cuxo efecto haberán de presentar documento nacional de identidade ou documentos equivalentes en vigor.

5. A tarxeta de armas se expedirá en impreso, que confeccionará a Dirección Xeral da Garda Civil. En cada impreso poderanse apuntar ata seis armas. Cando se trate de tarxetas B e o número de armas exceda de seis, o interesado poderá ser titular de máis dunha tarxeta.

6. Do impreso destinarase un exemplar ao interesado; o segundo será remitido pola Alcaldía á Intervención de Armas.



ACREDITADO que no expediente consta, ademais da tarxeta de identificación do interesado, certificado favorable de antecedentes penais de data 13 de novembro de 2021, exame psicotécnico de data 9 de novembro de 2021, así como factura da carabina para a que solicita licenza.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por Delegación da Alcaldía, **ACORDA** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Conceder a **D. David Canibe Martínez**, licenza para a arma carabina, **tipo 4.1 e 4.2**, que se relacionan a continuación:

“Escopeta Velites S-V negra Secutor. Calibre: 6mm. Categoría 4.2 (Nº SERIE: SKS1800259)”

“Francotirador L96 Well negro. Mira y Bipode Upgraded Saigo. Calibre: 6 mm. Categoría 4.2 (Nº SERIE: 2525020A20005186)”

“Pistola Tokyo Desert Eagle negra. Calibre: 6 mm. Categoría 4.2 (Nº SERIE: D550207)”

“Replica AEG MP5 CYMA CM041 BLUE LIMITED EDITION NEGRA. Categoría 4.1. Calibre 6 mm. SN: 065825”.

“Replica GBB pistola Beretta M9 KJ WORKS KM9 ELITE IA FULL METAL NEGRA. Categoría 4.1. Calibre 6mm. SN: SKK181862”.

“Pistola Colt M1911 Rail Gun CO2 Negro. Categoría 4.1. Calibre 6mm. Nº 21907454”.

“Escopeta Velites G-XI Negra. Categoría 4.1. Calibre 6mm. SECUTOR. Nº SV1701064”.

Segundo:-Notificalo presente acordo ó interesado para a súa constancia e efectos oportunos.

Terceiro:-Comunicar ó presente acordo á Policía Local, así como á Garda Civil, ós efectos previstos no **artigo 54.3 do Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas.**

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

